



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AGRUPACIÓNS E ASOCIACIÓNS DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DA CORUÑA EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL

REUNIDOS

Dunha parte D. Alfonso Rueda Valenzuela, que actúa en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, que regula a Xunta e a súa presidencia, e o artigo 2 da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte D. José Antonio González del Oso, presidente da Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil da Coruña e en virtude das atribucións que lle confire o artigo 17º dos Estatutos que rexen dita asociación (nº 005670 da Sección 1ª do Rexistro Provincial de Asociacións da Coruña),

EXPOÑEN

O Decreto 177/2016 do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, dispón que esta vicepresidencia e consellería, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, estipula que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia dispoñen que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

A Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil da Coruña conta con persoal, pertencente ás agrupacións e asociacións que a compoñen, coa experiencia necesaria na prevención de riscos e intervención nas emerxencias, adquirida ao longo destes anos de colaboración coas autoridades de protección civil da Administración Autonómica de Galicia.

O Servizo de Protección Civil é un servizo esencial e de carácter excepcional na nosa comunidade xa que funciona as 24 horas do día, os 365 días do ano. Ao ser imposible planificar todas as actuacións nas emerxencias, xa que ocorren a calquera hora e día do





XUNTA DE GALICIA

ano, estas non se poderían afrontar coa mesma garantía se non se tiveran en conta todos os medios existentes, especialmente aqueles que teñen un carácter específico e especializado.

Entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é conveniente contar, en determinados momentos, ademais dos propios, con medios alleos co fin de optimizar recursos e orzamentos, sendo obxecto deste convenio a colaboración coa Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil da Coruña, en materia de protección civil, entendendo esta como a seguridade dos cidadáns e os seus bens, a través do seu coñecemento, poñendo en valor o interese da prevención e socorro así como a práctica individual e colectiva da autoprotección, como medidas primordiais para evitar riscos ou cando menos minorar as consecuencias dos posibles accidentes.

Dado que estas funcións son exercidas de forma exclusiva na provincia da Coruña pola Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil da Coruña, non é posible a aplicación dos principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido na Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por iso ámbalas dúas partes,

ACORDAN

Primeiro. Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración, dentro do Sistema de Protección Civil de Galicia, entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e a Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil da Coruña, financiando as actuacións de apoio que esta última poida aportar nas accións de prevención, promoción, divulgación, información, formación e socorro en materia de protección civil no ámbito territorial da provincia da Coruña, contribuíndo deste xeito á concienciación da poboación en xeral e de maneira específica ao persoal voluntario de protección civil.

A Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil da Coruña, informará coa antelación suficiente á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da programación de todas as actividades obxecto deste convenio.

Segundo. Formación e divulgación

Sen prexuízo das prestacións ás que, con carácter xeral, poida estar obrigada pola lexislación vixente sobre protección civil, a Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil da Coruña colaborará coas autoridades de protección civil de Galicia, en materia de formación, información e divulgación a todos os



XUNTA DE GALICIA

seus asociados, a través de cursos, xornadas, reunións divulgativas, elaboración da páxina web da asociación e publicacións, así como a outros organismos, entidades, asociacións e poboación en xeral nas actividades que indiquen as autoridades de protección civil.

Terceiro. Autoprotección

De maneira específica a Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil da Coruña, participará como entidade colaboradora de protección civil da administración autonómica, en diversas actividades de promoción en materia de protección civil e, de maneira singular, en actividades de autoprotección e de formación do persoal voluntario de protección civil.

Cuarto. Exercicios e simulacros

A Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil da Coruña, colaborará co organismo da Xunta de Galicia con competencia en materia de protección civil, na organización e realización de operativos, exercicios e simulacros, así como no desenvolvemento dos plans territoriais e especiais de protección civil, participando activamente nas campañas planificadas pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e colaborando cos parques de bombeiros locais ou comarcais e cos grupos de emerxencia supramunicipais "GES".

Quinto. Libramento dos fondos

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, colaborará nos custos que xeran as actividades obxecto do presente convenio, reflectido no orzamento global de previsión de gastos (anexo I), con cargo á aplicación orzamentaria 05.25.212A.481.1 e código de proxecto 2015 00107 dos orzamentos do ano 2017, por un importe de cinco mil cincocentos euros (5500 €).

O libramento dos fondos á Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil da Coruña pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, efectuarase en dúas fases: un primeiro pago de catro mil catrocentos euros (4400 €) que será aboado á sinatura do convenio, de acordo ao establecido no artigo 63.1 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, o que supón un pago anticipado do 80 % con entrega de fondos con carácter previo á xustificación, e a cantidade restante, ata completar os 5.500 € totais, serán sufragados ao remate das actividades do convenio, previa remisión por parte da Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil da Coruña á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior dos seguintes documentos:

1. A conta xustificativa dos gastos totais realizados e a documentación acreditativa do seu pago (nóminas, facturas, etc), tendo en conta que a cantidade máxima que se obriga a aportar a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é de cinco mil cincocentos euros (5.500 €), reducíndose na mesma proporción á cantidade xustificada respecto do orzamento total (anexo I).





XUNTA DE GALICIA

2. Facturas e xustificantes de pagamento correspondentes aos gastos totais realizados. Considérase xustificante de pagamento válido unicamente os extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola persoa responsable da asociación.
3. Para aquelas compras realizadas en metálico, de ata 1000 euros por factura, será suficiente a factura orixinal ou compulsada polas oficinas de rexistro en que figure "pagado" xunto coa sinatura e o número de NIF da persoa encargada da empresa suministradora.
4. Documentos de liquidación de gastos de mantemento, desprazamento e loxística, polo cumprimento das actividades do convenio, na que figure tanto a conformidade do presidente da asociación como o "recibín" do perceptor desta compensación.

Terá a consideración de gasto realizado, para os efectos do disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

No caso de non presentarse as facturas suficientes no prazo establecido ou ben non ser correctas na súa totalidade, verase reducida na mesma proporción que a cantidade xustificada respecto do orzamento total.

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior acompañará unha certificación na que se indique o cumprimento, por parte da Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil da Coruña, das obrigas contidas neste convenio.

Toda a documentación xustificativa descrita nesta cláusula deberá estar en poder da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a máis tardar, o 30 de novembro de 2017.

Sexto. Publicidade

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración Pública Galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo e, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de Datos Nacional de Subvencións





XUNTA DE GALICIA

(BDNS). A BDNS dará traslado ao Diario Oficial de Galicia do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Sétimo. Facultades de inspección

A Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil da Coruña comprométese a someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que puidesen realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará calquera información que lle sexa requirida no exercicio desas actuacións. En especial, deberán facilitar a información que se lle solicite por esta vicepresidencia e consellería, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ou polo Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Oitavo. Compatibilidade

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Sen embargo, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, de acordo ao establecido no artigo 40.1 do decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

Noveno. Reintegro dos fondos

A Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil da Coruña comprométese a comunicarlle ao órgano concedente a modificación das circunstancias que desen lugar á concesión da subvención, en canto se coñeza, ou ben, en todo caso, con anterioridade á xustificación dos fondos percibidos.

No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 desta Lei, a Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil da Coruña comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houberse, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 37 da mesma norma legal.

Décimo. Comisión de seguimento

Crease unha Comisión Mixta, constituída por dous representantes por cada unha das partes, que velará polo cumprimento das estipulacións deste convenio e proporcionará o soporte de xestión axeitado para atender os supostos que as circunstancias puideran deparar e propoñer as actuacións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do mesmo.

Pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior:

A persoa responsable dunha subdirección da dirección xeral

Un técnico dependente da mesma





XUNTA DE GALICIA

Pola asociación provincial:
O presidente e o secretario

Décimo primeiro. Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- c) Pola non presentación das facturas correctas antes da data estipulada para o termo da súa vixencia, tanto para a percepción do anticipo como na xustificación final.

Décimo segundo. Lexislación aplicable

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de seguimento, polo vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poñendo así fin á vía administrativa.

O presente convenio terá carácter administrativo, quedando ámbalas dúas partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir como consecuencia do mesmo.

En todo o non disposto neste convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a citada lei, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, en canto lle sexa de aplicación.

Décimo terceiro. Vixencia

A data de efectos do presente convenio será dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017, se ben considérase a súa eficacia respectos dos gastos orixina- dos por actividades do tipo especificado no convenio dende o 1 de xaneiro do ano en curso.

En proba de conformidade, asínase o presente convenio por duplicado exemplar.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2017

Pola Vicepresidencia e Consellería de
Presidencia, Administracións Públicas e
Xustiza

O vicepresidente e conselleiro


Alfonso Rueda Valenzuela

Pola Asociación Provincial de Agrupacións
e Asociacións de Voluntarios de Protección
Civil da Coruña
O presidente


José Antonio González del Oso



XUNTA DE GALICIA

ANEXO I

ORZAMENTO GLOBAL ESTIMADO DE PREVISIÓN DE GASTOS

ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AGRUPACIÓNS E ASOCIACIÓNS DE VOLUNTARIOS
DE PROTECCIÓN CIVIL DA CORUÑA

1.- Actividades de prevención, divulgación, formación e actividades no desenvolvemento dos Plans de protección civil	4000 €
2.- Material funxible	700 €
3.- Outros gastos	800 €
TOTAL	5500 €

